

ASISTENTES:

**Alcalde:**

D. José Luis García López.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Torreiro González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D<sup>a</sup>. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D<sup>a</sup> María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D<sup>a</sup> Vanessa Quintela Pedreira.

D<sup>a</sup> Evangelina María Orois Conde.

D<sup>a</sup>. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

**Secretario:**

D. Juan Colmenares López Soldado.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Olga Castro Fernández.

**ACTA**

En Arzúa, 30 de outubro de 2015.

Sendo as 20:10 horas reúnen no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

**A) PARTE RESOLUTORIA**

*Punto 1º) **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2015.***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

*Punto 2º) **EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 9/2015.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2015:

*"Explica a Presidenta da Comisión que a transferencia de crédito é unha*

*modificación do orzamento de gastos pola cal, sen alterar a contía total do mesmo, impútase o importe total ou parcial dun crédito a outras partidas orzamentarias con diferente nivel de vinculación xurídica. Neste caso concreto, trátase do expediente de transferencia de crédito 9/2015, que se tramita por un importe de 32.483 €, coa seguinte desagregación:*

<i>APLICACIÓN ORZAMEN. QUE DIMINÚE GASTO</i>			<i>APLICACIÓN ORZAM. QUE AUMENTA GASTO</i>		
<i>APL. ORZAM.</i>	<i>DENOMINACION</i>	<i>IMPORTE</i>	<i>APL. ORZAM.</i>	<i>DENOMINACION</i>	<i>IMPORTE</i>
453.609.00	<i>Carreteras. Outras infraestructuras</i>	10.000 €	933.63203	10.000 €	
			<i>Xestión do patrimonio. Outras infraestructuras de reposición</i>		
231.467.00	<i>Acción social. Transferencias a consorcios</i>	3.000 €	333.62900	<i>Equipamentos culturais. Outro inmovilizado</i>	3.000 €
231.467.00	<i>Acción social. Transferencias a consorcios</i>	14.483 €	<i>Promoción cultural. Outros gastos</i>	14.483 €	
		334.22699			
231.467.00	<i>Acción social. Transferencias a consorcios</i>	5.000 €	179.22699	<i>Outras actividades relacionadas co medio ambiente. Outros gastos</i>	5.000 €

*Comenta o Sr. García Couso (de CxG) que o que se fai con esta transferencia de crédito é retirar cartos, que eran para obras, para metelos noutros lados. Que el non cre que sobren cartos en obras, e que polo tanto vaise abster.*

*Manifesta a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) que tamén se vai abster, por non dispor neste momento da documentación, e que se reserva para pronunciarse no Pleno.*

*Manifesta a Sra. Quintela Pedreira (do PP) que eles tamén se van abster, por non dispor neste momento da documentación, e que se reservan para pronunciarse no Pleno.*

*Tras o exposto a Presidenta da Comisión especial de Contas someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por 4 votos a favor (de AxA) e 4 abstencións (2 do PP, 1 de CxG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente o expediente de modificación de crédito, na modalidade de transferencia de crédito 9/2015.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar:

- Que mantense no dito na sesión da Comisión especial de Contas, aínda que ao tratar da primeira transferencia nesa sesión se concretara máis do que aparece reflectido na acta de dita sesión, xa que se vai realizar unha transferencia desde unha partida de obras a outra partida de obras; e en canto ás transferencias de 3.000, 14.000 e 5.000 euros, falta a concreción de onde van a ser transferidos, xa que aparece xenericamente que será para equipamentos culturais, promoción cultural e outras actividades relacionadas co medio ambiente; pero considera que deberíamos coñecer máis en concreto cal é o destino desa importante cantidade de diñeiro que se vai a transferir a outras partidas.

- Que, se se aclara ese investimento, manifestarase a favor; pero se se mantén así sen concretar a súa posición vai ser de abstención.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que, despois de estudar este asunto co grupo do partido socialista, vai votar a favor.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para indicar que vaise a abster, en espera de bo criterio da Xunta de Goberno Local á hora de investir o diñeiro proveñente das transferencias de crédito que contén o expediente de modificación de créditos presentado.

\* Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que a primeira transferencia pasa dunha partida que había para estradas a completar unha subvención para un arranxo no recinto multiusos.

- Que, en canto ás seguintes transferencias:

• A partida sobre “equipamentos culturais.- Outro inmovilizado”, tamén se trata de completar unha subvención de 3.000 euros que veu para o departamento de cultura, e vaise a completar para comprar unha carpa, porque o veñen demandando os veciños.

• A partida sobre “Promoción cultural. Outros gastos” vaise destinar a realización de actividades culturais nestes últimos meses do ano.

• A última partida referida a “Outras actividades relacionadas co medio ambiente.- Outros gastos”, vaise a adicar para facer unha campaña con respecto ao medio ambiente que vai a abarcar diferentes cousas, así a reciclaxe do lixo que non se está facendo ben. Vaise facer unha campaña en varios apartados referida ao lixo, a reciclaxe e a un maior coñecemento sobre o servizo do punto limpo, porque hai xente que descoñece o seu funcionamento; e tamén con referencia ao abandono de animais, ou á limpeza de fincas. A campaña farase mediante anuncios na radio, folletos e outro tipo de cousas.

Coñecido o informe emitido pola interventora, con data 22 de outubro de 2015.

Polo alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por doce votos a favor ( 7 de AxA, 4 do PP e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención do concelleiro do CxG-CCTT- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos, por transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto (grupos de función), coa finalidade de aumentar a consignación de catro aplicacións orzamentarias, mediante a diminución da consignación doutras catro aplicacións orzamentarias; as cales -tanto unhas como outras- figuran detalladas no ditame da Comisión especial de Contas, Economía e Facenda, recollido na parta expositiva deste acordo.

**Segundo.-** Continuar a tramitación do referido expediente, con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ao disposto no artigo 179 n.º 4 en relación co artigo 169 n.º 1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Terceiro.-** Que -no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 n.º 1 e 3 do citado Real Decreto Legislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo do como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón da transferencia de créditos agora aprobada, a efectos de que poida entrar en vigor.

**Cuarto.-** Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Legislativo 2/2004, se remita copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

***Punto 3º) MODIFICACIÓN DO ARTIGO 6º DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA, CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2015; no seguinte sentido:

*"Informa a Presidenta que a modificación proposta, do artigo 6 da ordenanza, responde a actualización das tarifas de acordo co IPC interanual de setembro do 2015 , que se sitúa no -0,9%. A modificación proposta é a seguinte:*

<b>TIPO SUMINISTRO</b>	<b>€/m<sup>3</sup></b>
<b>DOMESTICOS</b>	
<b>Por mantemento do servizo</b>	
<i>Mínimo 10 m<sup>3</sup> /mes</i>	<i>0,4563</i>
<i>De 11 a 15 m<sup>3</sup> /mes</i>	<i>0,6386</i>

<i>Más de 15 m<sup>3</sup>/mes</i>	<i>0,8842</i>
<b>INDUSTRIAIS</b>	
<b>Por mantemento do servizo</b>	
<i>Mínimo 50 m<sup>3</sup>/mes</i>	<i>0,5932</i>
<i>Por m<sup>3</sup> que exceda do mínimo</i>	<i>0,9352</i>
<b>OBRAS</b>	
<b>Por mantemento do servizo</b>	
<i>Mínimo 100 m<sup>3</sup>/mes</i>	<i>0,5932</i>
<i>Por m<sup>3</sup> que exceda do mínimo</i>	<i>1,0495</i>

*Modificación do apartado II) do artigo 6º:*

*II.- ) Outras cotas:*

*Cota de alta no servizo: 73,29 €*

*Cota única por dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento: 130,37 €*

*Cota mensual por verificación e conservación de contadores: 0,2245 €*

*Cota mensual por conservación de acometidas: 0,2245 €*

*Comenta o Sr. García Couso (de CxG) que vai votar a favor; que se o IPC é negativo é bo para os usuarios e ademais é algo que se fai todos os anos.*

*Manifesta a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) que tamén vai votar a favor.*

*No mesmo sentido interveñen a Sra. Quintela Pedreira e o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP).*

*Tras o exposto a Presidenta da Comisión especial de Contas someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose, por 8 votos a favor (4 de AxA, 2 do PP, 1 de CxG e 1 do PSdeG-PSOE), o acordo de informar favorablemente a modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministración da auga, conservación de contadores e acometidas.”*

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Do Sr. García Couso (do CxG-CCTT) para manifestar que se mantén no dito na sesión da Comisión especial de Contas, polo que o seu voto vai ser a favor.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que como a actualización das tarifas realizase de acordo co Índice de Prezos de Consumo, nesta ocasión vai ser beneficioso para os veciños, ao ser negativo ese índice.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para indicar que o grupo político do Partido Popular tamén vai votar a favor.

Coñecido o informe emitido pola interventora, con data 20 de outubro de 2015.

Polo Sr. alcalde someteuse a votación ordinaria a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga, conservación de contadores e acometidas.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga, conservación de contadores e acometidas, co obxecto de actualizar as tarifas de acordo co Índice de Prezos de Consumo interanual de setembro de 2015, que se sitúa en -0,9%; cuxo artigo queda redactado en canto aos seu apartado **I) “Cota por subministración de auga” punto 1** e en canto ao seu apartado **II) “outras cotas”**, da seguinte forma:

**I) Cota por subministración de auga:** *A cota tributaria en concepto de taxa por subministración de auga potable resulta de aplicar á base impositible o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:*

*A. Usos domésticos:*

1. Por mantemento do servizo	€/m <sup>3</sup>
1.1.- Mínimo de 10 m <sup>3</sup> mes-----	0,4563
1.2.- Desde 11 m <sup>3</sup> a 15 m <sup>3</sup> mes-----	0,6386
1.3.- Máis de 15 m <sup>3</sup> /mes-----	0,8842

*B. Usos industriais*

1.- Por mantemento do servizo	€/m <sup>3</sup>
1.1.- Mínimo de 50 m <sup>3</sup> mes-----	0,5932
1.2.- Por m <sup>3</sup> que exceda do mínimo-----	0,9352

*C. Usos para obras.*

1.- Por mantemento de servizo	€/m <sup>3</sup>
1.1.- Mínimo de 100 m <sup>3</sup> mes-----	0,5932
1.2.- Por m <sup>3</sup> que exceda do mínimo-----	1,0495

**II) Outras cotas:**

A) Cota de alta no servizo-----	73,29 euros.
B) Cota única por dereitos de acometida a rede xeral de abastecemento---	130,37 euros.
C) Cota mensual por verificación e conservación de contadores-----	0,2245 euros
D) Cota mensual por conservación de acometidas-----	0,2245 euros.

**Segundo.-** Expoñer ao público o expediente íntegro que dou lugar á adopción deste acordo, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles; dentro dos cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

**Terceiro.-** Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da modificación da referida Ordenanza, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

**Cuarto.-** No anterior suposto (de aprobación tácita), publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a referida ordenanza fiscal, así como este acordo de modificación da mesma.

***Punto 4º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DE STANDS OU OUTRO MOBILIARIO DURANTE A CELEBRACIÓN ANUAL DA FESTA DO QUEIXO.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2015; no seguinte sentido:

*"Explica a Presidenta da Comisión que esta ordenanza entrou en vigor no presente exercicio e que, logo de aplicarse por primeira vez con motivo da celebración da 40ª Festa do Queixo, detectáronse pola organización algúns aspectos susceptibles de mellora no relativo ás normas de xestión. A modificación céntrase no artigo 5, en aras a unha maior eficiencia na xestión deste ingreso público, que queda redactado na forma seguinte:*

*“Artigo 5.- NORMAS DE XESTIÓN*

*As persoas ou entidades interesadas en obter un stand, espacio ou mostrador durante os días de celebración da Festa do Queixo de Arzúa, deberán presentar a correspondente solicitude no Rexistro Xeral do Concello, no modelo oficial que se facilite durante o prazo que se decida, que en calquera caso, deberá rematar cunha antelación mínima de dez días naturais ao inicio da celebración da festa.*

*Os solicitantes deberán indicar na solicitude o número de inscrición no Rexistro Xeral Sanitario correspondente; sen esta indicación non se concederá autorización.*

*Logo de recibirse e valorar as solicitudes, o Concello de Arzúa notificará aos solicitantes seleccionados a autorización de uso de mobiliario, o lugar de ubicación e o importe a aboar.*

*A través desa resolución comunicarase aos interesados que, no prazo de sete días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, deberán ingresar o importe resultante da ocupación do espacio e uso do mobiliario na conta que designe o Concello.*

*Se logo de concedida a autorización, e efectuado o ingreso, non se produce a utilización do stand ou mobiliario por causas non imputables ao Concello, non se procederá a devolución do importe ao interesado.*

*Para a ubicación teranse en conta os seguintes criterios:*

*•No pasillo central do recinto adxudicaranse os stands aos produtores con D.O.P. Arzúa-Ulloa*

*•O resto de solicitudes adxudicaranse por orde de inscrición (tendo en conta a entrada da data de solicitude no Rexistro Xeral do Concello).*

*Os danos e desperfectos que se produzan no material, que non sexan consecuencia do natural desgaste, correrán a cargo do autorizado para o uso dos mesmos.*

*O incumprimento das normas impostas pola organización (venta de produtos non permitidos, o incumprimento dos horarios establecidos tanto para a entrada como para o abandono do recinto, etc) poderá ser tido en conta para penalizar a adxudicación do stand na próxima edición da Festa do Queixo.”*

*Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) para manifestar que ela vai votar a favor; que xa o fixera no momento en que se aprobou esta ordenanza e o mesmo vai facer agora.*

*Intervén o Sr. García Couso (de CxG) para manifestar que el vaise abster na votación respecto deste asunto.*

*No mesmo sentido interveñen a Sra. Quintela Pedreira e o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP), ao manifestar que tamén se van abster, por non dispor neste momento da documentación, e que se reservan para pronunciarse no Pleno.*

*Pola Presidenta da Comisión de Contas someteuse esta asunto a votación ordinaria; adoptándose -por 5 votos a favor (4 de de AxA e 1 do PSdeG-PSOE) e 3 abstencións (2 do PP e 1 de CxG)- o acordo de informar favorablemente a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización de stands ou outro mobiliario durante a celebración anual da Festa do Queixo.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expoñer que a súa posición vai ser a de abstención, xa que non coñece a situación anterior da ordenanza e non sabe o que se vai modificar; polo tanto, segundo a explicación e concreción que se dea para realizar esa modificación, modificará ou non a súa posición.

\* Da Sra. Balado Conde (do PsdeG-PSOE) para expoñer que votou a favor cando se aprobou esta ordenanza o ano pasado, e vai seguir votando a favor da modificación proposta, porque se trata mais que nada dun cambio de prazos.

\*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que o grupo político do Partido Popular tamén vai votar a favor.

\* Do Sr. alcalde para expresar:



- Que a modificación de dita ordenanza no sentido indicado se debe a unha proposta tanto do departamento de Tesourería, como das persoas que están implicadas na organización da Festa do Queixo.

- Que trátase de ampliar un pouco os prazos de inscrición, porque o ano pasado foi bastante xusto.

Coñecido o informe emitido pola interventora, con data 20 de outubro de 2015.

Polo Sr. alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5ª da ordenanza reguladora do prezo público pola utilización de stands ou outro mobiliario durante a celebración da Festa do Queixo; e iso nos termos en que foi redactado dito artigo (que figura transcrito no ditame da Comisión especial de Contas, Economía e Facenda, recollido na parte expositiva deste acordo).

**Segundo.**- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

**Terceiro.**- Que, para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dita ordenanza, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

**Cuarto.**- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente –o texto da referida ordenanza así como este acordo de aprobación- no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que sexa publicada en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### ***Punto 5º) REGULAMENTO DE ASISTENCIA SANITARIA DOS FUNCIONARIOS NON INTEGRADOS NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2015; no seguinte sentido:

*“Explica a Presidenta da Comisión que actualmente no Concello de Arzúa hai catro funcionarios en activo, aos que se lles presta a asistencia sanitaria mediante concerto cunha entidade privada, e polo tanto tamén a asistencia farmacéutica deberá*

*ser prestada polo concello, tanto aos funcionarios como aos beneficiarios. Tendo en conta isto, e ante a necesidade de regular a efectividade da asistencia farmacéutica a estes funcionarios e beneficiarios dos mesmos, elaborase este regulamento, que ten por obxecto establecer o procedemento para facer efectivo este dereito á asistencia farmacéutica.*

*Pregunta o Sr. García Couso (de CxG) si existe a posibilidade de que estos funcionarios pasen ao réxime da Seguridade Social, porque considera que este réxime supón un privilexio respecto do resto de traballadores, e que habería que estudar e valorar esa posibilidade para que todos os traballadores estiveran nas mesmas condicións.*

*Comenta a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) que está de acordo con este plantexamento, xa que todos os traballadores deberían estar en igualdade de condicións.*

*No mesmo sentido interveñen a Sra. Quintela Pedreira e o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP), ao manifestar que todos os traballadores do Concello deberían de ser iguais en dereitos e obrigas.*

*Tras o exposto a Presidenta da Comisión especial de Contas someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por 4 votos a favor (de AxA) e 4 abstencións (2 do PP, 1 de CxG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente o Regulamento de asistencia sanitaria dos funcionarios non integrados no Réxime Xeral da Seguridade Social.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que se mantén no dito na sesión da Comisión especial de Contas, e a explicación que se dou é que todos os funcionarios podían ser incluídos no réxime xeral da Seguridade Social, e considera que así debería ser.

- Que neste asunto as cousas poden estar mal, regular ou ben, e parece que se optou pola situación de regular, e non sabe porque non se optou pola decisión de ben, se se trata dunha decisión política.

\* Da Sra. Balado Conde ( do PSdeG-PSOE) para manifestar que está de acordo en que todos os funcionarios teñan que estar en igualdade de condicións; pero, como descoñece o tema, vaise abster na votación deste asunto.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que, antes de pronunciarse, quere saber cal é a opinión do alcalde sobre este tema.

\* Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que hai dous puntos diferentes: por unha parte, está a posibilidade de que todos os funcionarios entren a formar parte do réxime xeral da Seguridade Social e por

outra parte, que mentres iso non sexa posible ou non se faga, ten que haber un regulamento do que podamos votar man, para ter este servizo reglado, xa que non había ningunha normativa que regulase a dispensación da asistencia farmacéutica.

- Que cremos que é necesario que haxa ese regulamento mentres non se cambie o sistema de prestación da asistencia sanitaria aos funcionarios; e a posibilidade de cambio pasa porque todos estean de acordo con cambiar.

- Que parece ser que teñen que pasar todos ou non pasa ningún, pero ten que ser un acordo global.

- Que ten previsto manter unha reunión con estas persoas, e se todos queren pasar ao réxime xeral da Seguridade Social non haberá problema.

- Que na opinión do equipo de goberno pensamos que sería mellor, pero intentaremos facelo con acordo das partes.

- Que eso non quita para que sexa urxente ter un regulamento ao que aterse cando haxa que ir a comprar as medicinas na farmacia.

\* Do Sr. García Couso (do CxG-CCTT) para manifestar:

- Que segundo entendeu sería unha decisión do equipo de goberno, outra cousa é que fai ben o goberno en buscar o acordo, pero en algún momento terá que tomar decisións.

- Que a súa posición é que todos os traballadores tivesen a mesma condición.

- Que a necesidade de que haxa un regulamento mantendo a situación anterior lle parece de mínimos.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que o lóxico sería que todos os traballadores estiveran amparados pola Seguridade Social pero, se agora non se pode, tampouco deberán quedar desamparados.

\* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que a compra de medicinas na farmacia non estaba regulada, e o que se trata é de regularo.

-Que en canto ao pase dos funcionarios ao réxime xeral da Seguridade Social, antes de tomar unha decisión, o que pretende primeiro é debatilo coa xente implicada, porque lle parece xusto, porque no seu momento adquiriron ese dereito.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria o regulamento presentado para regular a asistencia farmacéutica aos funcionarios non integrados no réxime xeral da Seguridade Social.

Adoptándose -por sete votos a favor (de AxA), coa abstención dos seis concelleiros restantes (4 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- os acordos seguintes:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente o regulamento da asistencia farmacéutica aos funcionarios non integrados no réxime xeral da Seguridade Social, nos termos en que figura redactado.

**Segundo.**- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

**Terceiro.-** Que, para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dito regulamento, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

**Cuarto.-** Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente –o texto do referido regulamento así como este acordo de aprobación- no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor o regulamento ata que sexa publicado en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

## **B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL**

***Punto 1º TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE, DURANTE OS MESES DE SETEMBRO, OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2014.***

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 2 de setembro de 2014, -en que foi ditada a resolución máis inmediata á última de 29 de agosto de 2014 (*da cal se dou conta na sesión plenaria celebrada o día 29 de abril de 2015*)- ata a ditada o día 30 de decembro de 2014.

Estando referidas:

\* A primeira resolución (*reflectida no folio 7.801 volto*), á aprobación das facturas presentadas, polas persoas que se indican en dita resolución, cuxa contía individualizada non excede de 3.000 euros, que foron fiscalizadas pola interventora segundo o informe emitido o día 2 de setembro de 2014; por canto que esa contía é a que se reservara o alcalde para dispoñer dos gastos, *posto que a aprobación daqueles gastos que excedan de dito importe -dentro dos límites da súa competencia- foi delegada na Xunta de Goberno Local, mediante o decreto ditado o día 11 de xullo de 2011.*

\* Mentres que a última resolución (*reflectida no folio 7.950 volto*) refírese á aprobación da modificación de obrigas recoñecidas de exercicios pechados, segundo o expediente tramitado co número 2/2014, conforme ao establecido na Base 32ª das de execución do orzamento municipal do exercicio 2014, previo o informe da interventora municipal.

Tendo en conta:

-Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e

-Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptouse –por unanimidade dos trece membros asistentes, que integran esta Corporación Local- o acordo de quedar enterados.

***Punto 2º) DAR CONTA DO DECRETO DITADO POLO ALCALDE DE DATA 20 DE OUTUBRO DE 2015, RELATIVO A SITUACIÓN SOBREVIDA DE XUBILACIÓN DO FUNCIONARIO, POLICÍA LOCAL, DON MIGUEL ANGEL CAMPOS CES, POR CAUSA DE INCAPACIDADE PERMANENTE.***

Estando a disposición dos concelleiros o texto íntegro de dito decreto, que contén os Resultados e Considerandos que deron lugar ás cinco resolucións que contén a parte dispositiva do citado decreto;

Considerouse procedente dar lectura desa parte dispositiva; cuxo texto é o seguinte:

**Primeiro.**- Declarar rematado o expediente administrativo iniciado a petición do policía local don Miguel Angel Campos Ces, para o seu pase a segunda actividade, ao non poder ser continuada a súa tramitación por producirse a situación sobrevida da xubilación de dito funcionario, por causa de incapacidade permanente, o cal supón a perda da súa condición de funcionario.

E iso, por canto que a situación de incapacidade permanente e a situación de paso a segunda actividade son incompatibles; polo que, declarada a primeira, terá que suspenderse a tramitación do expediente dirixido ao recoñecemento da segunda.

**Segundo.**- Proceder a archivar dito expediente e notificar esta resolución ao Sr. Campos Ces; facéndolle saber que contra a mesma pode interpor recurso potestativo de reposición, ou ben recurso contencioso-administrativo nos prazos e ante os órganos que se lle indicarán no escrito de notificación.

**Terceiro.**- Concretar e declarar que, aos efectos procedentes, desde o día 6 de outubro de 2015, o funcionario policía local don Miguel Angel Campos Ces está en situación de xubilación por incapacidade permanente total, situación que lle impide seguir realizando as súas funcións; o cal supón a súa xubilación, que implica a perda da condición de funcionario.

**Cuarto.**- Dar traslado desta resolución ao xefe territorial do Servizo Galego de Saúde (ao cal se solicitara a designación de dous médicos especialistas en traumatoloxía, para integrarse no Tribunal médico que se tiña previsto constituir, para examinar a documentación presentada polo citado policía local e, no seu caso, realizarlle un recoñecemento médico, como consecuencia da solicitude que presentara para o seu pase a segunda actividade): E iso, co obxecto de que non se dea curso ás

solicitudes -de data 30 de setembro de 2015- que foran presentadas por este alcalde, para a designación dun traumatólogo a proposta do Concello de Arzúa e doutro traumatólogo a proposta do Servizo Galego de Saúde, como trámite necesario para dar cumprimento ao previsto no artigo 80 do Real Decreto 243/2008 de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007 de 20 de abril, de Coordinación de Policias Locais.

**Quinto.-** Dar traslado desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre, despois de ser notificada esta resolución ao interesado.

Adoptándose -por unanimidade dos trece concelleiros que integran esta Corporación Local- o acordo de quedar enterados.

***Punto 3º) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.***

Polo secretario indícase que ese informe refírese ao **terceiro trimestre** do presente exercicio económico, cuxo informe foi emitido pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “os tesoueiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurriran mais de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e o tesoureiro emitiron un informe con data 21 de outubro de 2015, a través do cal indican que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xullo e 30 de setembro de 2015, salvo erro ou omisión involuntario, obtense a seguinte información:

**a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no terceiro trimestre de 2015:**

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	348	3
Importe total	957.289,88 euros	2.047,90 euros
Período medio de pago	38,62 días	

**b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):**

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	128	1
Importe total	176.046,94 euros	229
Período medio de pendiente de pago	17,15 días	

**c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).**

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Quedar enterados da información facilitada pola interventora e polo tesoreiro, a través do informe indicado.

**Segundo.**- Dar traslado do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

---

Antes de pasar a rolda de Rogos e Preguntas, o Sr. alcalde preguntou se algún grupo político dexesaba someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba coa convocatoria desta sesión, e que non teña cabida na rolda de rogos e preguntas (*que sería o punto seguinte, dentro do apartado B) nomeado Control e seguimento da xestión municipal, da orde do día desta sesión*).

Sendo o grupo político de Alternativa por Arzúa o único que fixo uso deste apartado, para expoñer a través do Sr. alcalde que dexesaban presentar unha moción **sobre os usos de herbicidas con glifosato, no termo municipal de Arzúa.**

Polo que se procedeu a tratar sobre a referida moción, que fora presentada no Rexistro Xeral do Concello o día 23 do presente mes de outubro, sendo rexistrada de entrada ao número 3.360.

Seguidamente entreviú a concelleira de Alternativa por Arzúa, Sra. Castro Vallo, con delegacións en materia de medio natural e sensibilización medioambiental; a cal pasou a dar lectura de dita moción, tras expoñer:

- Que esta moción refírese aos herbicidas que se utilizan normalmente para controlar as malezas.

- Que foi presentada a petición da Asociación Galega de Apicultura, a través de dona Paula Souto Fandiño.

Sendo o seu texto o seguinte:

*“Cada ano, moitos municipios empregan herbicidas de acción rápida para eliminar o que veñen denominándose “malas herbas”, por mantemento dos espazos ou de cara á prevención de incendios forestais.*

*Pero o uso de herbicidas químicos pode ter riscos moi serios. Diferentes estudos demostran que o Glifosato, compoñente dos herbicidas de uso máis estendido como o Roundup e outras marcas comerciais, ten efectos moi tóxicos sobre a saúde e o medio ambiente. O glifosato, un herbicida total non selectivo que se emprega para matar herbas e arbustos, infiltra no solo, é moi soluble na auga, e persistente no solo. Contamina os acuíferos, é tóxico para a fauna acuática, os animais domésticos ou o gando, e esparéxese sen control polo subsolo.*

*Existen estudos científicos que relacionan o uso do glifosato con afeccións e enfermidades. Entre os efectos adversos deste principio activo describíronse toxicidade subaguda e crónica, danos xenéticos, trastornos reprodutivos, aumento da frecuencia de anomalías espermáticas, e carcinomas. Ademais, cada preparado herbicida que contén glifosato vén acompañado doutras substancias que facilitan a súa absorción e que multiplican a súa toxicidade. Entre estes ingredientes están o N-nitroso glifosato que, como outros compostos nitroxenados, son cancerixenos, e o formaldehído, outro carcinóxeno coñecido que se forma durante a descomposición do glifosato.*

*Recentemente a International Agency for Research on Cancer, pertencente a Organización Mundial da Saúde incluíu como probables carcinóxenos a unha serie de pesticidas organofosfatados, entre eles o glifosato: <http://monographs.iarc.fr/ENG/Classification/>.*

*Así, atopámonos co feito de que a aplicación dun herbicida como o glifosato en espazos públicos constitúe un risco ao que se somete á poboación, aos taballadores municipais que o empregan, ao gando, á flora e fauna, ou ao chan e ás augas, dada a súa toxicidade.*



*A Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas, aprobada polo Parlamento Europeo o 13 de xaneiro de 2009, no seu Capítulo IV, artigos 11 e 12, expón que: “Os Estados membros, tendo debidamente en conta as medidas apropiadas para a protección do medio acuático, a auga potable e os requisitos necesarios de hixiene e saúde pública e a biodiversidade, ou os resultados das avaliacións de risco pertinentes, velarán porque se minimize ou prohiba o uso de praguicidas nas seguintes zonas específicas: ao longo das estradas .., nos espazos utilizados polo público en xeral, ou por grupos vulnerables como os parques, xardíns públicos, campos de deportes e áreas de recreo, recintos escolares e campos de xogo e os espazos próximos aos centros de asistencia sanitaria”.*

*A devandita directiva foi trasposta no Real Decreto 1311/2012, que establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, e que ten como obxectivo a redución dos riscos e os efectos do uso dos produtos fitosanitarios na saúde humana e o medio, e o fomento da xestión integrada de pragas e de formulacións ou técnicas alternativas, tales como os métodos non químicos.*

*Este Real Decreto contempla que as súas disposicións “se entenderán sen prexuízo de que a Administración competente en cada caso poida aplicar o principio de cautela, limitando ou prohibindo o uso de produtos fitosanitarios en zonas ou circunstancias específicas”.*

*Ademais das anteriores, o marco xurídico para a aplicación de herbicidas e praguicidas complétase coas seguintes normas:*

*Directiva Marco sobre a Auga (Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello).*

*Directiva Aves (Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello).*

*Directiva Hábitats (Directiva 92/43/CEE do Consello).*

*Lei 33/2011, do 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública.*

*Diversas deputacións e municipios están a limitar ou erradicando o uso de herbicidas e de glifosato, debido aos impactos ambientais e sobre a saúde dos seres vivos:*

*- En Castela e León, recóllese a Solicitud do Procurador do Común de Castela e León á Consellaría de Medio e Fomento pola Desconformidade coa utilización do glifosato como herbicida na limpeza de estradas (Expediente 20131871).*

*<https://www.procuradordelcomun.org/archivos/resoluciones/11404980841.pdf>*

*- A Deputación de Ávila evítalo no tratamento de estradas situadas en espazos naturais, a petición específica de ducias de concellos que non utilizan herbicidas en ningún parque nin espazo público. Mesmo o Concello de Las Navas del Marqués deixou de usar glifosato de xeito total polo “risco que supón para a saúde pública”.*

*- Na Comunidade de Madrid ducias de municipios como o de Venturada ou o de Navalafuente non empregan flifosato en parques e xardíns ou zonas comúns.*

*-Na Comunidade Canaria, os municipios de Buenavista, o Rosario, Los Tilos, El Tanque e Santiago do Teide xa se declararon municipios libres de herbicidas químicos.*

*-En Galicia concellos como Ames, na Coruña, ou Pontareas declaráronse Libres de herbicidas. químicos <http://www.concellodeames.gal/nova.php?noticia=13095&idioma=gl&sec=32>.*

*- Recentemente o pleno do Concello de Logroño aprobou a Moción sobre o uso do glifosato. <http://linkis.com/cambialogrono.org/jUiDo>.*

*Os Concellos, como administracións públicas de servizos á comunidade, deben liderar proxectos e accións encamiñadas a promover ámbitos de seguridade no marco da saúde pública.*

*Consciente dos efectos negativos que o uso de herbicidas con glifosato levan consigo para a saúde pública, que afectan ou poden afectar á saúde das persoas e ao medio (co impacto resultante nos sectores produtivos como a apicultura, agricultura e a destrución do emprego e da actividade económica local) e tomando como referencia a Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas e o Real Decreto 1311/2012, polos que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, o grupo político de Alternativa por Arzúa (AxA) propón elevar ao Pleno do Concello de Arzúa o seguinte ACORDO:*

*1. Prohibir o uso dos herbicidas con glifosato en todo tipo de lugares públicos do municipio, e substituír este produtos por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danan a saúde nin o medio.*

*2. Nos casos concretos de conflito, o Concello solicitará por escrito, ás entidades implicadas na aplicación de herbicidas, que en virtude do Real Decreto 1311/2012 empreguen métodos de control alternativos, non químicos.*

*3. Así mesmo, este concello dirixirase á maior brevidade posible á Consellería de Transportes e Medio, e ao Ministerio de Fomento, solicitando o abandono do uso de herbicidas derivados do glifosato no tratamento das cunetas da rede viaria que pase polo termo municipal, para que a protección da saúde das persoas e o medio neste municipio sexa realmente efectiva.*

*4. Este concello comprométese a informar deste acordo a todos os colectivos e entidades políticas, sociais e veciñais existentes no municipio para evitar tamén o uso doméstico de herbicidas con glifosato.”*

---

Deseguido a Sra. Castro Vallo (de AxA) pasou a xustificar a urxencia de presentar agora esta moción, expoñendo en tal sentido:

*- Que todos somos conscientes dos danos que provoca o herbicida da multinacional Monsanto.*

*- Que nestes días que sae nos medios de comunicación que a carne produce cancer, sen facer diferencias con aquela carne que está elaborada doutra maneira, é triste, que ninguén se atreva a dicir publicamente que o “Roundup” sí produce cancer; é importante empezar a dicilo publicamente.*

Intervén o Sr. García Couso (de CxG) para expoñer:

*- Que non entende a urxencia de tratar agora sobre esta moción, porque ao empregar uns termos tan técnicos necesitariase un certo coñecemento e asesoramento, para poder dispoñer duns mellores datos.*

- Que todos estamos sensibilizados con estes temas, pero gustaríanos ter un maior coñecemento para poder intervir e apoiar a moción.

- Que como non se trata de ter que adoptar ningún acordo proximamente, ao ser presentada a moción a proposta da Asociación Galega de Apicultura, poderíase comunicar aos grupos políticos que temos representación nesta Corporación, para poder conseguir un asesoramento e coñecemento do tema antes do seu debate, porque xa estaba presentada e rexistrada no Rexistro Xeral do Concello.

- Que por ese motivo vai a absterse na declaración de urxencia desta moción, aínda que votará a favor da moción e participará no seu debate.

Tras o exposto, o Sr. alcalde informou:

- Que esta moción non foi incluída na orde do día da sesión dunha Comisión informativa, previa a esta sesión do Pleno, porque se estivo esperando por se podía haber outro grupo político que tamén a presentase.

- Que a Asociación Galega de Apicultura díxonos que non tiña ningún inconvinte en que esta moción a presentara o grupo de goberno.

- Que sería bó aprobar un regulamento de participación cidadana para que as diferentes asociacións poidesen presentar mocións nas sesións plenarias.

Coñecidos os antecedentes expostos, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción;

Adoptándose -por doce votos a favor (7 de AxA, 4 do PP e 1 do PsdeG-PSOE), coa abstención do Sr. García Couso (de CxG-CC-TT)- o acordo de considerar xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia, procedeuse a pasar ao debate e votación da moción.

---

Deseguido abriuse unha rolda de debate, no que se realizaron as seguintes intervencións:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expoñer:

- Que o abuso destes produtos, na eliminación das malas herbas, resulta máis cómodo e rápido, sen ter coñecemento moitas veces dos efectos que teñen a longo prazo.

- Que sobre a parte técnica da moción non se vai pronunciar, pero reconece a boa intención dos que estudaron este asunto.

- Que espera que ese produto non sexa substituído por outra marca, e que ao cabo duns anos se volva a comprobar que ten efectos perxudiciais para a saúde.

- Que o seu voto vai ser a favor dos puntos que contén esta moción, porque todos debemos sensibilizarnos co que está pasando no medio ambiente.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que habería que sensibilizar á xente co que esta pasando no medio ambiente, porque como estes produtos hai moitos que ninguén é capaz de denunciar e que están a causar problemas tanto no medio ambiente como na saúde das persoas.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expoñer que debemos de ser conscientes de que calquera pesticida é dañino para a terra, e iso sabeno moi ben as multinacionais que os producen; se pasamos unha desbrozadora non contamina pero calquera pesticida si. O grupo político do Partido Popular está en contra de calquera pesticida.

\* Da Sra. Castro Vallo (de AxA) para expresar:

- Que como se comprobou que o uso do “Roundup”, aparte das malas herbas, tamén destruía os cultivos, a solución que buscou Monsanto foi crear uns cultivos máis resistentes a este herbicida, polo que agora os agricultores poden usar máis cantidade dese herbicida sen que se dañe o cultivo. O cal supón que Monsanto gañe por partida dobre: por unha parte vende os cultivos máis resistentes e por outra vende máis cantidade de “Roundup”. E isto supón un risco a nivel ecolóxico e a nivel saúde.

-Que son frecuentes os accidentes laborais con agroquímicos en todo o mundo, e segundo un estudio da Organización Mundial da Saúde, a taxa de mortilidade é dúas veces maior no sector agrícola que en calquera outra actividade; e a lista de enfermidades que producen os herbicidas -segundo os estudos realizados- pon os pelos de punta.

-Que outro dato a ter en conta é que a Axencia de Protección do Medio Ambiente denunciou, en 1991, que Craveri laboratorios falsificara estudos realizados, recurrido ao truco de falsificar rexistros de laboratorio, ou manipular manualmente o equipo científico.

\*Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) que, tras manifestar que lle gustaría ter os datos que aportou a Sra. Castro Vallo, expresou que esta totalmente de acordo coas limitacións de uso de produtos químicos na agricultura, no ámbito forestal e especialmente en concellos como o noso.

\*Do Sr. alcalde para expresar:

- Que viu positivo nesta moción que poña a dirección de diferentes páxinas onde se poida obter información.

- Que, con respecto ao noso concello, é interesante facerlle ver á xente que moitas veces se cae en hábitos, que parécenos que non teñen a maior transcendencia; e si vale para que se paren a pensar o que están votando na terra, xa lle parece positivo.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que as veces, se nos fixamos na natureza, vains dicindo como podemos combatir as malas herbas, mediante a utilización de produtos naturais, que no van a pasar factura á terra e ao ecosistema, como pode ser usando sal que resulte diuida cando chove ou a auga de ortigas...

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria as catro propostas de acordo que contén esta moción:

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Prohibir o uso dos herbicidas con glifosato en todo tipo de lugares públicos do municipio, e substituír este produtos por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danan a saúde nin o medio.

**Segundo.-** Nos casos concretos de conflito, o Concello solicitará por escrito, ás entidades implicadas na aplicación de herbicidas, que en virtude do Real Decreto 1311/2012 empreguen métodos de control alternativos, non químicos.

**Terceiro.-** Así mesmo, este concello dirixirase á maior brevidade posible á Consellería de Transportes e Medio, e ao Ministerio de Fomento, solicitando o abandono do uso de herbicidas derivados do glifosato no tratamento das cunetas da rede viaria que pase polo termo municipal, para que a protección da saúde das persoas e o medio neste municipio sexa realmente efectiva.

**Cuarto.-** Este concello comprométese a informar deste acordo a todos os colectivos e entidades políticas, sociais e veciñais existentes no municipio para evitar tamén o uso doméstico de herbicidas con glifosato.

#### *Punto 4º) **ROGOS E PREGUNTAS***

**I)** Polo Sr. García Couso (de CxG-CCTT) formularonse as seguintes PREGUNTAS ao Sr. Alcalde:

**PRIMEIRA.-** ¿Cantas demandas de usuarios hai en lista de espera na escola infantil?

Contesta o Sr. alcalde que non sabe o número fixo, pero si se dixo á xente que solicitasen praza, aínda que neste momento non a haxa, para así poder pedir a ampliación; porque non é o mesmo que haxe tres solicitudes que trinta, aínda sabendo que non van ter a praza.

**SEGUNDA.-** ¿Iniciáronse os trámites de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, como se prometeu durante a campaña electoral?

Contesta o Sr. Alcalde que o que se dixo foi que, a principios do vindeiro ano, íamos poñernos con iso; e xa tivemos un par de reunións co equipo que redactou o plan; para ir centrándonos e dentro de pouco imos empezar.

**TERCEIRA.-** Segundo un debate a voceira do grupo político de Alternativa por Arzúa manifestou que o alcalde tivo unha reunión recente coa Directora Xeral de Turismo; ¿Preguntouse sobre a situación de abandono do complexo deportivo Portodemouros?

Contesta o Sr. alcalde:

- Que esa reunión mantívose non só con él, senon con todos os alcaldes da mancomunidade, para presentar un plan sobre as diferentes rutas do Camiño de Santiago; polo tanto non era o momento para preguntar sobre ese tema.

- Que xa durante a anterior lexislatura foi un tema que tratamos co Vicepresidente, nunha reunión con motivo da supresión do GRUMIR, e, cando se sacou este tema, non recibimos resposta.

- Que nas vindieras semanas ten intención de reunirse coa Secretaria Xeral de Turismo por outros temas, e será éste un dos temas que trate, xunto co da oficina municipal de información turística.

**II) Polo Sr. García Rodríguez (do PP) formularonse as seguintes PREGUNTAS ao Sr. Alcalde:**

**PRIMEIRA.-** Dado que o das prazas na Gardería vai ir para longo tempo, ¿Sería posible que no Colexio Público, que ten aulas baleiras, se poideran coller rapaces da Gardería de mais idade, para así poder meter máis rapaces na Gardería e facer outra paralela cos outros.

Contesta o Sr. alcalde:

- Que segundo a normativa non se pode facer unha Gardería en calquera sitio, por moito que o lugar este acondicionado; polo tanto ese tipo de arranxos son imposibles.

-Que o martes, por fin, nos deron cita no Consorcio para tratar sobre este tema; e rescatouse un proxecto que xa estaba feito de anteriores lexislaturas para a ampliación da Gardería, e púxose ao día con respecto aos prezos e IVE; e será o proxecto que se leve a semana que vén.

**SEGUNDA.-** Como Amancio Ortega, que é o home máis rico do mundo, fixo moitas obras sociais, ¿non se lle podía pedir que -pola súa proximidade con Arzúa- fixera unha Gardería aquí, porque en Melide fixoa?

Constesta o Sr. alcalde que se a fixo en Melide será porque se sinte mais relacionado con Melide, por razóns sentimentais.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto; levantándose a sesión ás 21.35 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á vindeira sesión. Do que dou fe.